

Concurso

Balbino

de relatos

3ª edición 2018

○ Concurso “Balbino” de Relatos nace coa idea de promocionar a nosa literatura, a nosa lingua, aos escritores máis novos e aos xa consagrados.

○ certame "Balbino" de relatos, pretende ser un estímulo para todas as persoas que queiran participar na promoción e difusión de Galicia e da nosa cultura, contando cunha periodicidade anual e unha temática sempre vinculada coas nosas tradicións, coa nosa xente, cos nosos costumes, co noso xeito de vida, coas nosas raíces...

Este concurso promovido pola empresa Técnicas & Gramaxe, SL conta coa conformidade da Fundación Xosé Neira Vilas e a colaboración da Secretaría Xeral de Política Lingüística, a Consellería de Cultura, a Deputación de Pontevedra e os Concellos de Vila de Cruces e Boqueixón.

Bases

1.- O Concurso “Balbino” de Relatos está aberto a todas as persoas de calquera nacionalidade e idade que presenten os seus traballos escritos en lingua galega e que terán como motivación temática o rural, o mar e a emigración. O relato ou serie de relatos con estas temáticas poden ser reais ou ficción.

2.- Os textos serán orixinais, inéditos e de autoría propia.

3.- Os textos terán unha extensión mínima de 100.000 caracteres con espazos e máxima de 180.000.

4.- Xeitos de envío dos orixinais:

- Envío por correo postal: presentaranse cinco copias dos orixinais en papel DIN A/4 e debidamente encadernadas.

○ texto levará un título e estará asinado cun lema. En sobre aparte e pechado levarán tamén por fóra o lema e título, dentro figurará o nome, apelidos, copia vixente do DNI, enderezo residencial, enderezo electrónico e teléfono do autor ou autora.

- Envío por correo electrónico: os que elixan esta opción deberán enviar o texto nun arquivo en formato .pdf e deberán evitar que o correo electrónico se identifique coa persoa. Tamén será imprescindible que envíen por correo ordinario e en sobre pechado os datos persoais.

En calquera modo de envío non levará ningún dato que identifique ao autor/a e deberá indicarse claramente que é para participar no Concurso "Balbino" de Relatos.

5.- O texto será enviado ao seguinte enderezo:

Técnicas & Gramaxe, SL rúa Santa Olaia, 18 - 36540 Silleda, Pontevedra
ou ao enderezo electrónico concursobalbino@gmail.com

6.- O xurado estará composto por tres persoas de recoñecido prestixio do mundo da literatura e da cultura galega.

7.- Establécese un único premio de 1.500 euros, que estará suxeito ás obrigas tributarias correspondentes.

8.- A obra premiada será publicada por Edicións Fervenza.

9.- Técnicas & Gramaxe, SL reserva os dereitos de edición sobre o texto premiado en todas as linguas, sen límite de exemplares publicados nin edicións.

10.- Os traballos que non resultasen premiados poderán ser recollidos polos respectivos autores mediante unha solicitude por escrito, nun período de dous meses despois de fallado o premio, e poderán ser utilizados para calquera fin do autor ou autora.

11.- A data de presentación dos traballos remata o 30 de xuño de 2018.

12.- A entrega do premio realizarase durante o mes de outubro.

13.- A participación no Concurso "Balbino" supón a aceptación destas bases.

Concurso
Balbino
de relatos

Técnicas & Gramaxe, SL
Rúa Santa Olaia, 18 - 36540 Silleda - Pontevedra
concursobalbino@gmail.com
www.concursobalbino.com

